



**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILANOVA DE AROUSA CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2014.**

### **ASISTENTES**

**Alcalde:** Gonzalo Durán Hermida

**Concelleiros/as:**

**Partido Popular (P.P):** Áurea Bermúdez Oubiña; José Luis Novo Galbán; Manuel Sineiro Cores; Alejandro Costa Piñeiro; Benito Portas Blanco; José Portas Núñez; D<sup>a</sup> María Rosa Rodríguez Lago; D<sup>a</sup> Nuria Morgade Pouso e Javier Tourís Romero.

Escusaron a súa ausencia D<sup>a</sup> Ana Carballa Magariños e D. Julio Varela Núñez.

**PSdeG-PSOE:** María José Vales Martínez; José Luis Tourís Oubiña e D<sup>a</sup> María Ángeles Pérez Piñeiro.

**BNG:** María do Carme Alfonso Leiro e Juan Luis Nogueira Moure.

**Secretario Xeral:** Javier Bouzada Romero.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as 20,30 horas do día 26 de maio de 2014, previa convocatoria, reúnen-se en primeira convocatoria os señores/as concelleiros/as integrantes do Pleno da Corporación relacionados co obxecto de celebrar sesión ordinaria do mesmo.

Na sesión tratáronse os seguintes asuntos:

Antes de dar comezo o Pleno o Sr. Alcalde solicita que se altere o orde de prelación dos asuntos incluídos no orde do día tratándose en primeiro lugar a toma de posesión do concelleiro D. Javier Tourís Romero. P Pleno acepta a proposta da Alcaldía.

#### **1º.-TOMA DE POSESIÓN DO CONCELEIRO D. JAVIER TOURÍS ROMERO.**

De seguido procedese ao acto de toma de posesión do concelleiro do Partido Popular D. Javier Tourís Romero quen, coa suma man sobre un exemplar da Biblia, xura prometer o cargo utilizando a formula legalmente prevista. A



## **Concello de Vilanova de Arousa**

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

continuación o Sr. Secretario lle fai entrega da credencial de concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central e este toma asento entre os membros do seu grupo político. O Sr. Alcalde lle da a benvida en nome de todos os membros da Corporación.

### **2º.- APROBACIÓN DAS ACTAS ANTERIORES.**

Por 13 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (BNG), aprobáronse as actas da sesión ordinaria anterior celebrada o día 31 de marzo de 2014 e a da sesión extraordinaria celebrada o día 29 de abril de 2014.

### **3º.- COMUNICACIÓNS.- ENTREGA DE COPIAS DOS DECRETOS E RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 31-03-2014.**

De seguido procedeuse á entrega aos grupos políticos do PSdeG-PSOE e BNG de copias dos decretos e resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario celebrado o 31-03-2014.

### **4º.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS.**

De seguido deuse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico á proposta de modificación dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés. Toma a palabra o Sr. Alcalde para manifestar que se trata de cumprir o mandato da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade Financeira da Administración Local, de xeito que de non aprobarse esta adaptación estatutaria a Mancomunidade quedaría extinguida por mandato legal.

Polo BNG a súa voceira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carme Alfonso Leiro manifesta que o seu grupo ía a votar en contra por non estar de acordo coa Lei 27/2013. No mesmo senso, o voceiro do PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña anuncia o voto negativo do seu grupo político por non estar de acordo os mandatos da dita Lei 27/2013.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 10 votos a favor (PP) e 5 en contra (PSdeG-PSOE e BNG), conseguíndose a maioría absoluta legal



## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

de membros da Corporación necesaria para a adopción do acordo. En consecuencia, O Pleno acorda:

Aprobar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés por acordo da súa Xunta de data 6 de marzo de 2014 para adaptar os mesmos ao artigo 44 da Lei 7/1985, do 2 de abril, LBRL, na redacción dada ao mesmo pola Disposición Transitoria 11ª da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostentabilidade Financeira da Administración Local.

### **5º.- APROBACIÓN DA CESIÓN GRATUÍTA Á ASOCIACIÓN CULTURAL AMIGOS DA MÚSICA SAN CRISTÓBAL DUN BLOQUE NAS ANTIGAS ESCOLAS DE VIÑAGRANDE-SAN MIGUEL DE DEIRO.**

De seguido deuse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico ao expediente tramitado para a cesión do dito ben inmueble.

Polo BNG a súa voceira Dª Mª do Carme Alfonso Leiro manifesta que debería redactarse polo Pleno do concello un protocolo de uso dos locais de propiedade municipal para todas as asociacións existentes no concello en vez de ir dando resposta puntual soamente a algunhas delas. Neste senso pon como exemplo o ocorrido coa Comunidade de Montes de Andrés que pediu un local de propiedade do concello e non lle foi autorizado namentres que neste caso si.

O voceiro do PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que está de acordo coa petición formulada polo BNG e ratifica o ocorrido coa Comunidade de Montes de Andrés.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 13 votos a favor (PP e PSdeG-PSOE) e 2 abstencións (BNG), polo que o Pleno, co voto favorable da maioría absoluta do número legal dos seus membros acorda:

**Primeiro.-** Ceder gratuitamente á Asociación a Asociación Cultural Amigos da Música San Cristóbal, con CIF G36575975 e inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións co número 2008/11131, por un período de dez anos o bloque intermedio da antiga Escola de A Prixela, en Viñagrande, San Miguel de Deiro, neste termo municipal, para que sexa dedicado aos fins previstos no artigo 5 dos Estatutos da Asociación, sempre que sexan sen ánimo de lucro e que redunden en beneficio dos veciños da parroquia de San Miguel de Deiro.



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

## Concello de Vilanova de Arousa

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

**Segundo.-** O prazo da cesión será de dez (10) anos a contar desde a adopción do presente acordo polo Pleno da Corporación. Non obstante ó anterior, en caso de disolución, fusión ou absorción por outra da Asociación durante ese período, a cesión quedará automaticamente sen efecto.

**Terceiro.-** O Pleno poderá revocar en calquera momento o presente acordo, previa audiencia da Asociación cesionaria, nos seguintes supostos:

- a) Por razóns de interese xeral.
- b) No suposto de que o edificio non fose destinado ao uso especificado no apartado primeiro.
- c) Cando o edificio non fose utilizado pola Asociación.

**Cuarto.-** Corresponde á Asociación cesionaria a contratación e mailo pago dos custos derivados do mantemento, limpeza e coidado ordinario do edificio cedido, así como dos subministros de auga, electricidade, calefacción, telefonía, internet e aqueles outros que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins.

**Quinto.-** Calquera obra que se pretenda realizar pola Asociación cesionaria no local cedido deberá contar coa autorización expresa da Xunta de Goberno Local do concello.

**Sexto.-** Do presente acordo darase traslado á Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

### **6º.- APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO CON REFERENCIA AO DÍA 31-DECEMBRO-2013.**

De seguido deuse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico ao expediente de rectificación do Inventario de Bens da Corporación con referencia ao día 31 de decembro de 2013.

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Secretario da Corporación quen explica brevemente o alcance da rectificación sinalando en particular que con este acordo queda regularizado a nivel de Inventario a situación patrimonial na Praia de O Bernal-As Sinas unha vez firmes as sentenzas



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

## Concello de Vilanova de Arousa

recaldas en procesos xudiciais e unha vez rematado o deslinde do dominio público marítimo-terrestre.

Acto seguido o Sr. Alcalde manifesta que, polo procedemento legalmente establecido, debe procederse á tramitar a recuperación para o patrimonio municipal dun camiño público en As Sinas, dun cruceiro en Andrés e dun vial en Baión que no Catastro do ano 1956 pertencían ao concello.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por 10 votos a favor (PP), 3 abstencións (PSdeG-PSOE) e 2 en contra (BNG), polo que o Pleno acorda:

**Primeiro.-** Aprobar a rectificación anual do inventario de bens e dereitos da Corporación con referencia ao día 31 de decembro de 2013.

**Segundo.-** O resumo do inventario consolidado a 31 de decembro de 2013 queda establecido como segue:

<b>1.1. Leiras</b>	<b>30</b>	<b>484.508,00</b>
<b>1.2. Bens Históricos</b>	<b>5</b>	<b>2.375.300,00</b>
<b>1.3. Rúas e camiños</b>	<b>468</b>	<b>00,00</b>
<b>1.4. Escolas e Colexios</b>	<b>7</b>	<b>8.930.452,47</b>
<b>1.5. Fontes e lavadoiros</b>	<b>41</b>	<b>00,00</b>
<b>1.6. Edificios públicos</b>	<b>78</b>	<b>15.818.727,20</b>
<b>1.7. Parque Empresarial</b>	<b>22</b>	<b>969.390,62</b>
<b>2. Dereitos Reais</b>	<b>3</b>	<b>637,95</b>
<b>3. Mobles a de carácter histórico, artístico ou de considerable valor económico.-</b>	<b>315</b>	<b>38.989,50</b>
<b>4. Propiedades Inmateriais</b>	<b>5</b>	<b>00,00</b>
<b>5. Flota de Vehículos</b>	<b>22</b>	<b>311.195,00</b>
<b>7.3 Mobiliario de Oficina</b>	<b>272</b>	<b>129.761,18</b>
<b>7.4. Mobiliario de Servizos</b>	<b>11</b>	<b>28.091,98</b>
<b>7.5. Material Informático</b>	<b>299</b>	<b>82.458,14</b>
<b>7.6. Rede WIFI</b>		<b>844.363,41</b>
<b>8. Bens e Dereitos revertibles</b>	<b>16</b>	<b>00,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>1.594</b>	<b>30.175.121,21</b>

**Terceiro.-** As valoracións individuais dos bens inmobles incluídos no inventario teñen unha finalidade exclusivamente patrimonial sen que en



Concello de  
**Vilanova de Arousa**  
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

ningun caso podan ser tidas en conta aos efectos da súa venta ou para determinar o valor de parcelas limítrofes a efectos expropiatorios, supostos todos eles en que procederá incorporar ao respectivo expediente unha valoración dos servizos técnicos municipais.

**Cuarto.-** Do contido da rectificación anual do inventario aprobado remitirase unha copia en soporte informático á Administración do Estado e a da Xunta de Galicia.

**7º.- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 16 DAS  
NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL DE VILANOVA DE  
AROUSA PARA A MODIFICACIÓN DA PROTECCIÓN DUN ELEMENTO  
CATALOGADO: PAZO DE VISTA REAL.**

De seguido deuse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos e Infraestruturas á proposta de aprobación provisional da modificación puntual nº 16 das normas subsidiarias de planeamento municipal de Vilanova de Arousa para a modificación da protección dun elemento catalogado: Pazo de Vista Real.

O Sr. Alcalde toma a palabra para aclarar que o informe requirido á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural non foi emitido por razóns internas da mesma e que transcorridos tres meses desde a súa petición a lei lle outorga silencio positivo, aclarando non obstante que de emitirse con posterioridade se adaptaría a modificación ao mesmo.

Polo BNG a súa voceira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carme Alfonso Leiro manifesta que está pendente de redactar un Plan de Usos do Pazo de Vista Real consensuado entre todos os grupos políticos, de xeito que todas as entidades e veciños podan acceder as súas instalacións evitando que se utilicen con fins electorais.

O voceiro do PSdeG-PSOE D. José Luis Tourís Oubiña manifesta que está de acordo coa petición formulada polo BNG para garantir que toda a xente poda acceder en igualdade de condicións ao seu uso.

Polo Sr. Alcalde se manifesta que o uso do Pazo non se lle denegou a ninguén e que o seu uso electoral polo Partido Popular foi autorizado pola Xunta Electoral de Zona.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade, polo que o Pleno acorda:



**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente á **MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 16 DAS NORMAS SUBSIDIARIAS E COMPLEMENTARIAS DE PLANEAMENTO VIXENTES NO CONCELLO PARA A MODIFICACIÓN DA PROTECCIÓN DUN ELEMENTO CATALOGADO: PAZO DE VISTA REAL.**

**Segundo.-** Ordenar aos servizos municipais que continúen coa tramitación do expediente seguindo o disposto no apartado 7 do artigo 85 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, LOUGA, debendo remitirse o expediente completo debidamente dilixenciado, ao órgano autonómico competente que haxa de outorgar a aprobación definitiva.

**Dilixencia.-** Se estende para facer constar que por proposta da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico o punto 9º da Orde do día se inclúa como apartado e) do punto 8º do mesmo, ao non seren necesario un pronunciamento plenario. O Pleno, por unanimidade, acepta tal proposta.

**8º.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS SEGUINTE ACORDOS E INFORMES EN MATERIA ECONÓMICO-FINANCIERA:**

a) Acordo da Xunta de Goberno Local do 30 de decembro de 2013 sobre concertación dunha operación de tesourería coa entidades Novagaliciabanco.

b) Resolución da Alcaldía do 31 de marzo de 2014 sobre aprobación do Plan Orzamentario e Medio Prazo 2015-2017.

c) Informe sobre Morosidade correspondente ao Primeiro Trimestre de 2014.

d) Informe da Intervención sobre seguimento do Plan de Axuste correspondente ao Primeiro Trimestre de 2014.

e) Resolución da Alcaldía do 31 de marzo de 2014 aprobando a liquidación do orzamento de 2013 da que resulta que polo concello se está a incumprir o obxectivo de estabilidade orzamentaria e o límite de débeda coa obriga, nos termos previstos nos artigos 21 e seguintes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade presupuestaria e sostibilidade financeira de elaborar un Plan Económico-financeiro que deberá ser aprobado polo Pleno e posto en marcha antes do día 30 de xuño de 2014.



**Concello de  
Vilanova de Arousa**  
Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

O Pleno queda sabedor dos ditos acordos, informes e resolucións que previamente lles foran entregados aos grupos políticos.

### **9º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO.-**

De seguido deuse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Organización Administrativa e Réxime Económico á proposta de modificación de crédito que facilite a adquisición dun vehículo para a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil. O Alcalde, tras explicar o asunto, solicita que conste en acta o agradecemento da Corporación a abnegada labor de todos os membros da Agrupación.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade, polo que o Pleno acorda:

Aprobar as seguintes transferencias de crédito entre as partidas e importes seguintes:

<i>Partida que cede</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Cantidade</i>	<i>Partida que recibe</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>	<i>Contía</i>
342/62200	INSTALACIÓN DEPORTIVAS. EDIFICIOS OUTRAS CONSTRUCCIÓNS	E 35.000,00	134/78900	PROTECCIÓN CIVIL.ASOCIACIÓN VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL	35.000,00

### **10º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

#### **A) BNG.-**

Pola voceira do BNG D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> do Carme Alfonso Leiro efectuáronse os seguintes rogos:

--Que se elabore unha Ordenanza para uso polas entidades e os veciños do Pazo de Vista Real, da Casa Valle-Inclán e Xulio Camba e, en xeral, de todas as propiedades municipais.

--Que nos vindeiros procesos electorais non se utilice a Colexio do Montañón en Baión por non estar en condicións adecuadas.





## Concello de Vilanova de Arousa

Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

Que se facilite as veciños de Baión o acceso á documentación da concentración parcelaria exposta ao público nun local na propia parroquia para evitar os desprazamentos hasta Vilanova. O alcalde informa que esta mesma mañá tiña trasladada a petición á Xefatura Territorial de Agricultura para que se desprace un técnico a Baión para informar aos veciños.

Así mesmo, formulou as seguintes preguntas:

--Finalidade do estudio xeo técnico para unha piscina en O Terrón. Lle contestou o concelleiro D. Javier Tourís Romero.

--Sobre os plans de aforro de enerxía eléctrica.- Lle contestou o concelleiro D. Javier Tourís Romero matizando que o Plan que se vai a por en marcha non é un experimento senón que xa está comprobada a súa efectividade noutros concellos.

--Alternativas ao sistema actual de recollida e tratamento de lixo. O alcalde lle contesta que están pendentes de que unha empresa faga un estudio técnico para a Mancomunidade do Salnés sobre a viabilidade do coñecido como "Modelo Touro" como alternativa ao modelo SOGAMA.

### **B) PSdeG-PSOE.-**

Polo seu voceiro do D. José Luis Tourís Oubiña efectuáronse os seguintes rogos:

--Que se desprace persoal técnico de Agricultura a Baión para explicar a concentración parcelaria exposta ao público aos seus veciños.

--Que se asfalte un tramo de camiño en Faro das Lúas. O alcalde lle contesta que en canto haxa que desprazar maquinaria á zona para realizar outros traballos aproveitarase a ocasión para facer a dita reparación.

A concelleira M<sup>a</sup> José Vales Martínez formula os seguintes rogos:

--Que se retire o escombros da praia de As Saíñas, asunto que xa se truxo a un Pleno anterior e segue sen solucionarse. O alcalde lle manifestou que se limpará en breve.



Vila natal de Ramón del Valle-Inclán

**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arosua  
Pontevedra

registro.xeral@vilanovadearousa.com  
www.vilanovadearousa.com

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069

--Volve as traer o asunto do semáforo de San Miguel. O alcalde manifesta que vaise solicitar da Xefatura Provincial de Tráfico un informe para solucionar o asunto á vista de que aínda continúa a problemática.

E non habendo máis asuntos de que tratar polo Sr. Alcalde se levantou a sesión sendo as 21,30 horas , do que se estende o presente acta da que como Secretario Xeral certifico e dou fe.